

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de abril de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezanove de abril de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(456).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinarias e urxentes do 7, 8 e 9 de abril de 2010. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(457).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “VIGO, UN MAR DE CORAIS” PARA O ANO 2010.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.03.10, o informe de fiscalización do 9.04.10, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 1.02.10, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo para a organización do programa 2010 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 25.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (CIF G-36.980.928), con cargo á partida presupostaria 4512.489.0003 (Convenio Acopovi) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2010.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA 2010 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”

()

Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil dez

REUNIDOS

Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Enrique Lorenzo Vila, como presidente da Asociación de Corais polifónicas de Vigo (ACOPOVI), CIF nº G-36.980.928 e enderezo social en Vigo, na rúa Ecuador nº 17 – CP 36203, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 3465/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación de Corais Polifónicas de Vigo ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.

II.- Que a Concellería de Animación sociocultural vén realizando unha importante labor de descentralización da programación cultural polos numerosos barrios da nosa cidade, baseada no apoio, difusión e potenciación das artes escénicas e musicais, e que se concreta na organización de ciclos permanentes coas bandas de música, corais polifónicas e compañías de teatro de adultos e infantil.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4512.489.0003, prevé a concesión dunha subvención por importe de vinte e cinco mil euros a favor da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, para o convenio de organización do programa de concertos de corais polifónicas “Vigo, un mar de corais”. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun programa de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla asistencia por parte do público. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do programa de concertos de corais polifónicas “Vigo, un mar de corais”.

V.- Que a Asociación de Corais polifónicas de Vigo (ACOPOVI) non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 3465/335.

VI.- Que o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO veñen organizando desde o ano 2002 diversos ciclos de actuacións de agrupacións de músicas corais, mediante convenios de colaboración, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

VII.- Que a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO aglutina a 32 corais polifónicas de Vigo e está interesada en participar neste ciclo durante o exercicio 2010, tal como solicitou ó CONCELLO.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Corais polifónicas de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo en canto á organización e programación de diversos ciclos estábeis de actuacións de corais polifónicas da nosa cidade polos barrios vigueses. Este programa chamarase “Vigo, un mar de corais” e nel participarán trinta e dúas corais polifónicas de Vigo. Concretamente, a entidade beneficiaria comprométese a:

1. Realizar 105 (cento cinco) actuacións. Cada coral realizará un mínimo de tres actuacións, unha delas de carácter gratuíto, no lugar, día e hora que determine o Concello.

2. A concellería de Animación sociocultural comunicará a Entidade os lugares, datas e horas das actuacións de cada coral:

- Se a data indicada estivese dispoñíbel, a coral quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.

- Se a data estivese comprometida previamente, a coral terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.

- Toda a actuación que se realice sen a autorización previa da concellería de Animación sociocultural non será aboada con cargo a este convenio.

3. De mutuo acordo entre o Concello e a Entidade désígnase a D. Enrique Lorenzo Vila como coordinador desta programación, coa función principal de servir de conexión entre ambas as partes: determinar as datas e horarios dispoñíbeis de cada coral, solicitar posíbeis cambios, comunicar incidencias...

4. Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc...) para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da Entidade.

5. Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

6. Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución de cada actuación, en particular a edición gráfica dos repertorios de cada concerto.

7. Coordinar con cada coral e nun lugar perfectamente visíbel do escenario da actuación, a instalación desmontábel dos soportes publicitarios institucionais achegados pola Concellería de Animación sociocultural. No caso de que algunha das corais incumpra este apartado, o Concello poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada coral responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.

8. As corais presentarán a ACOPOVI solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes "certificacións de actuación" (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) antes do día 15 de decembro.

En xeral, a entidade comprométese a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Animación sociocultural deberán asumir os seguintes compromisos:

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural e da Tenencia de Alcaldía naquel que edite a propia entidade.
- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da coral.
- Cubrir a “certificación de actuación”, da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posíbeis incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.
- Presentar o concerto facendo unha mención breve ó historial da coral, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1.- Programar as datas e lugares dos concertos con cargo a este convenio.
- 2.- Comunicarlle ás corais os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais. Debido a isto, poderanse desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.
- 3.- Editar o material gráfico necesario para a difusión e publicidade dos concertos e remitir ós medios de comunicación a información acerca das actuacións programadas.
- 4.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade e consensuadas coa propia coral, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc.
- 5.- Conceder directamente á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, unha subvención para a edición 2010 por importe de 25.000,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo a proposta presentada por ACOPOVI que figura como anexo ó convenio, e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación sociocultural.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- Os concertos con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se realicen. Os lugares concretos de actuación serán decididos pola Concellería de Animación sociocultural, tendo en conta as seguintes necesidades técnicas:

- Escenario adecuado e suficiente para a actuación da coral.
- Estrutura para a disposición dos membros da coral en tres niveis.
- Cadeiras para o público.
- Local a modo de camerinos para cambio de vestiario.

Quinto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Sexto.- *O pagamento da cantidade estipulada no pacto terceiro deste convenio farase segundo o seguinte detalle:*

1. Un primeiro pagamento polo 50% do importe total, en concepto de pago anticipado, que se tramitará de oficio e se efectuará por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0128.12.0040005175 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, na primeira quincena de maio. Este pagamento anticipado á entidade farase co fin de que esta poida facer fronte a unha serie de gastos que non se poden pospoñer ata a conclusión do programa, relativos á organización das actuacións (desprazamentos das masas corais, gastos que acostuman asumir as corais, etc.).

2. Un segundo e derradeiro pagamento polo 50% restante, que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral antes do 20 de decembro e se efectuará por transferencia bancaria á mencionada conta. A ACOPOVI terá que incorporar á antedita solicitude todas as certificacións de actuacións realizadas polas corais e facturas de emitidas no período. O pagamento tramitarase previa certificación do persoal técnico de Animación sociocultural, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.

Sétimo.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Noveno.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

Décimo.- *A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.*

Décimo primeiro.- *A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar un informe final relativo ó desenvolvemento do programa “Vigo, un mar de corais”, onde figurarán como mínimo:*

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de

participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Relación clasificada dos gastos con identificación do acredor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas das actuacións realizadas emitidas á ACOPOVI polas corais asociadas. As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade con indicación do importe e procedencia.

Décimo segundo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo terceiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 euros por execución de obra ou 12.000 euros no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O persoal técnico do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños.

Décimo oitavo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio realizarase en base ás “certificacións de actuación” asinadas pola entidade correspondente, á memoria e informe que presente a ACOPOVI e da presenza de persoal técnico da Concellería de Animación sociocultural durante os concertos que se determinen.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Vixésimo.- A cancelación do presente convenio con algunha das corais participantes poderá producirse unilateralmente por parte do CONCELLO por algún dos seguintes motivos:

- Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;
- Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;
- Por non ter presente no escenario os soportes de difusión e publicidade institucional en dous concertos.

Vixésimo primeiro.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo segundo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo terceiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e na data que se indican.

SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DE
MASAS CORAIS PARA O ANO 2010
"VIGO UN MAR DE CORAIS"

D/Dña
en representación da entidade
CIF....., con domicilio social en núm....., da
cidade de VIGO, teléfono/s de contacto....., fax, e E-
mail:.....

SOLICITA que a Concellería de Animación Sociocultural programe a actuación de masas corais de Vigo con cargo ao convenio vixente para o exercicio 2010, nas datas e lugares que se propoñen a continuación, e DECLARA coñecer e aceptar as obrigas que lle corresponderían segundo o informado no escrito con data 29/01/2010.

DATOS DO RECINTO DE ACTUACIÓN PROPOSTO:

* LOCALIZACIÓN: _____
* ESCENARIO: Longo: _____ Largo: _____ Alto: _____
* CAPACIDADE DE CADEIRAS: _____
* CAMERINOS: a) Fixos Eventuais.
b) Capacidade: _____ persoas.

DATA/S PREFERENTE/S (Sinalar unha ou varias opcións)

PROGRAMA DE ACTIVIDADES PREVISTO (Onde se encadre a actuación e actividade)

Vigo, de de 2010

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE
Asdo:

SELO DA ENTIDADE

CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN DE MASAS CORAIS PARA O ANO 2010 "VIGO UN MAR DE CORAIS"

D/Dña..... NIF....., en
representación da entidade
.....
con domicilio social na rúa....., núm.....CP.....E-
mail:.....

EXPÓN:

- 1.- Que a coral realizou o concerto programado pola Concellaría de Animación sociocultural na citada entidade, o día de de 2010, en
- 2.- Que a coral se presentou no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.- Que o número de asistentes o concerto foron

OUTROS DATOS:

Sistemas de información, comunicación e publicidade utilizados (achegar modelo de material editado)

- ≡ Folletos Nº..... ≡ Carteis Nº..... ≡ Programas de man Nº.....
- ≡ Megafonía móbil ≡ Inserción na prensa escrita.
- ≡ Outros.....

OBSERVACIÓNS:.....
.....

VIGO, de de 2010

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

3.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.

Dáse conta das Sentenzas e Autos, remitidos polo Servizo de Asesoría Xurídica, que de seguido se relacionan:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 11/2007 P.O. Demandante: PAVESTONE, S.L. Obxecto: Resolución do 11.11.2006 e 22.01.07 (en reposición) Sanción de 2000 € e cesamento de actividade (medio ambiente) Expte.: 3902/306. Desestimado o recurso.

- Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 2ª no rec. Apelación nº 4313/2008 interposto por PAVESTONE S.L. contra a devandita sentenza. Desestimado o rec. Apelación.

b) Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 1ª, no rec. Apelación nº 348/2009, interposto polo CONCELLO DE VIGO contra sentenza estimatoria do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 212/2008 P.A. sobre selección de persoal para oficina de atención a inmigrantes. Desestimado o recurso.

c) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 18 de Madrid no RC-A nº 1118/09 P.A. Demandante: AUTOPARK RENTING DE VEHÍCULOS, S.A. Obxecto: Sanción de tráfico. Expte.: 098629321. Declara a incompetencia territorial do Xulgado.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 520/2009 P.A. Demandante: Dª. MERCEDES CAO IGLESIAS. Obxecto: Resolución do 27.10.2009, estimación parcial reclamación patrimonial, expte.: 2048/243. Desestimado o recurso.

e) Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 1ª no rec. Apelación nº 234/2009 interposto por D. RAMÓN FERNÁNDEZ-LINARES BOUZA contra sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 411/08 P.A. desestimatoria sobre complemento de “altos cargos”. Desestimado o recurso apelación.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 114/2007. Demandante: D. Julio González Fernández. Obxecto: Resolución do 26/05/2005 (e 23/11/2006) Recuperación de oficio da fonte pública da Merla, Lavadores. Expediente: 17017/240. Desestimado o recurso.

- Sentenza do TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, no rec. Apelación nº 4341/2008 interposto por D. Julio González Fernández contra a devandita sentenza. Desestimado o recurso apelación.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 516/2009 P.A. Demandante: Dª. Mª JESÚS RODRÍGUEZ CASAL. Obxecto: Resolución 07.10.2009, reclamación patrimonial, expte.: 1993/243.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 9/2010 P.A. Demandante: D. ROMÁN MARTÍNEZ BOUZÓN. Obxecto: Resolución 22.12.09.SANCIÓN DE TRÁFICO. Expte.: 098691751. Estimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do seu contido.

4(458).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: EXPTE. 12/2526, 12/52.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informe-proposta da traballadora social responsable do programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Elena Álvarez Arias. Expte. 12/52.
- D^a. Angeles Vidal Rodríguez. Expte. 12/2526.

5(459).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN MENELA PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE “RESPIRO FAMILIAR” PARA FAMILIAS OU COIDADORES DE PERSOAS AFECTADAS POR ALGUNHA DISCAPACIDADE. EXPTE. 49820/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.03.10, o informe de fiscalización do 9.04.10, e de acordo co informe-proposta da técnica responsable do programa, do 29.01.10, conformado polo xefe de Área de Benestar Social e pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre o Exmo. Concello de Vigo e a Fundación Menela, con CIF: G36685964, para o financiamento dun programa de “Respiro Familiar” dirixido a familias ou cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade. A vixencia do convenio será ata o 31/12/2010.

2º.- Aprobar o gasto por un importe de 13.000,00€, con cargo á partida 3130.4890009 do orzamento prorrogado do ano 2010 “Convenio Fundación Menela”.

CONVENIO DE COLABORACION COA FUNDACION “MENELA”

Vigo, ____de _____de 2010

REUNIDOS

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra parte Don Cipriano Luís Jiménez Casas con DNI 35195099-Q, en calidade de Secretario da Fundación Menela con enderezo a efectos de notificación na rúa Marqués de Alcedo, nº 19, C.P. 36203 Vigo, e co teléfono 902.505.508, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas

Tendo daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I- Que a “Fundación Menela ten como obxectivo a realización, sen ánimo de lucro, do fomento e prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza , ás persoas que sufran enfermidade ou marxinação social, mais especialmente ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, desenvolvemento humano, mellorar o seu entorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calqueira Institución u Organismo público ou privado. A finalidade deste convenio consiste na subvención da actividade a realizar pola Fundación Menela, que baixo o nome de “Respiro familiar”, presta un servizo a familiares ou cuidadores habituales de persoas con discapacidade que precisen dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc. O servizo consiste en estanzas de corta duración (entre 1 e 3 días) das persoas discapacitadas no edificio Cami da Fundación Menela, donde ademais das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc, realízanse tamén actividades lúdicas, sesións de cine, etc.

II- O concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, este recurso e un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (os de poboación superior a 20.000 habitantes).

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí : O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxetivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións , por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos sevizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

A subvención que se propón está prevista no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 38/2003. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescripcións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida “Convenio Fundación Menela” 3130 4890009, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 13.000€, a favor da Fundación Menela

IV- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é prestar un servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisen dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc. O servizo consiste en estanzas de corta duración (entre 1 e 3 días) das persoas discapacitadas no edificio Cami da Fundación Menela, donde ademais das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc, realízanse tamén actividades lúdicas, sesións de cine, etc.

V- Que a entidade “Fundación Menela” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Fundación Menela, o Concello de Vigo e a dita Fundación Menela, convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

P A C T O S

Primeiro.-

A entidade Fundación Menela comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo co programa de “Respiro Familiar” dirixido a familiares ou cuidadores de persoas afectadas por algunha discapacidade, e concretamente a:

Facilitar estanzas de corta duración (no edificio Cami da Fundación Menela, ubicado na rúa laxe nº 3) a persoas con discapacidade, de idades comprendidas entre os 3 e os 50 anos, empadroados no Concello de Vigo, e que fagan a aportación correspondente, que poden ser como mínimo de un día ata un máximo de tres preferentemente na fin de semana; os casos urxentes atenderanse calquera día da semana ata un máximo de seis días. O número máximo de usuarios por estanza é de catro

persoas, atendidos por dous profesionais cualificados que permiten garantir ás familias a prestación dos servizos, podendo contar co servizo de voluntariado se fose preciso.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiaris das subvencións no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Fundación Menela unha subvención para o exercicio 2010 por importe de 13.000 euros co obxecto de levar a cabo o programa de “Respiro Familiar” dirixido a familiares ou cuidadores de persoas afectadas por algunha discapacidade.

O programa levarase a cabo durante todo o ano 2010 ata esgotar o importe total da subvención, sendo 101 as estanzas programadas.

O custo da estanza por usuario e día no programa de “Respiro familiar” ascende a 163,72 euros, incluíndo manutención, aloxamento e retribución a monitores. A aportación do usuario do servizo será de 35 euros por persoa e día, e a aportación da Concellería de Benestar Social será de 128,72 euros por persoa e día. Os gastos individuais nas saídas de socialización correrán á conta do beneficiario (cafetería, compras...)

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Este programa de “Respiro Familiar” é cofinanciado pola Concellería de Benestar Social e os beneficiarios do mesmo.

Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 13.000,00€ con cargo ao programa de gastos 3130, partida 4890009, do vixente exercicio presupuestario

Os pagamentos efectuaránse do seguinte xeito:

- 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Quinto.-

Para a participación no programa, as solicitudes debidamente cumprimentadas, coa súa documentación, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, cunha antelación mínima de 1 semana. A documentación que deberán acompañar será a seguinte:

- Fotocopia do DNI da persoa con discapacidade para a que se solicita o servizo.
- Ficha de datos (cuberta e asinada) segundo o modelo adxunto.

No caso de que as solicitudes superen o número de estanzas permitidas para a fin de semana, a selección farase por “renta per cápita”, tendo preferencia as de menor cuantía, excepto as que a Traballadora Social considere como urxencias, que terán prioridade sobre as demais.

Considérase urxencia cando se solicita o servizo por enfermidade grave ou hospitalización do coidador principal da persoa con discapacidade, ou situación análoga. Nos casos urxentes a estanza poderase prorrogar ata un máximo de 6 días.

Sexto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

Oitavo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Fundación Menela e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos Sociais.

Noveno.-

A Fundación Menela comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Décimo.-

A Fundación Menela poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Décimo primeiro.-

A Fundación Menela comprométese a presentar antes do día 31 de xaneiro de 2011, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- ◆ *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas*
- ◆ *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
 1. *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
 2. *Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.*
 3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
 4. *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo segundo.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo terceiro.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2010.

Décimo cuarto.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social . O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo oitavo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

Décimo noveno.-

Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Menela poderá ter algunha ampliación nos contidos, número de estanzas, actividades, etc., de ser así acordado polos asinantes a través da comisión de seguemento, ata o límite máximo do crédito correspondente á aplicación orzamentaria 3130.4890010.

Deberá respectar os contidos fundamentais recollidos no presente convenio e, no caso de que supoña aumento da cantidade subvencionada deberá facerse constar nunha addenda, informada debidamente polos técnicos municipais e pola intervención xeral cara a verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente.

Vixésimo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e

do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

Pola Fundación Menela

Polo Concello de Vigo

6(460).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO ANPA PÁRROCO DON CAMILO PARA ORGANIZAR O XXVI CROSS ESCOLAR DON CAMILO O DÍA 1 DE MAIO DE 2010. EXPTE. 9459/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.04.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ANPA Párroco Don Camilo a organizar o vindeiro sábado 1 de maio de 2010, o XXVI Cross Escolar Párroco Don Camilo”, dito Cross comezará ás 10.00 horas, dende o colexio público percorrendo os arredores do colexio e rematando na igrexa de San Andrés de Comesaña.

7(461).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 45.670,39 € COMO CONSECUENCIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE TÚNELES DURANTE O MES DE FEBREIRO. EXPTE. 13373/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe dos Servizos Electromecánicos, do 24.03.10, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar unha indemnización substitutiva por importe total de 45.670,39 Euros, correspondente á facturación do mes de febreiro do ano 2010, con cargo á partida orzamentaria “*Mantenemento Túneis e Pasos Inferiores*” 4324.227.06.02 e recoñecer a obriga a favor da UTE Imes-Esycsa polo citado importe, por prestación do devandito servizo.

8(462).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO FINAL DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (LER 200307). EXPTE. 2543/252.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.03.10, o informe de fiscalización, do 7.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 11.03.10, conformado pola concelleira delegada de Limpeza, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do Expediente 2543/254 polas razóns expostas polo Xefe do Servizo de Limpeza do 16 de setembro de 2009.

2º.- Aprobar o gasto de 876.400 euros IVE incluído, repartidos nas anualidades de 219.100 euros no ano 2010, 438.200 euros no ano 2011 e 219.100 euros no ano 2012, para a contratación da xestión do servizo de tratamento final dos residuos voluminosos (LER 200307) que se imputará á Partida 4420..2270017 “Outros vertidos e tratamento de lixo”. O importe correspondente á anualidade 2010 (219.100 euros) obterase con cargo á bolsa de vinculación para o cual non existe impedimento ou limitación algunha en relación coas restantes necesidades de gasto que deben imputarse durante todo o exercicio en curso.

3º.- Aprobar o Expediente de Contratación da xestión do servizo de tratamento final dos residuos voluminosos (LER 200307) que contén o Prego de Prescricións Técnicas Particulares do 18 de setembro de 2009 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación do servizo por procedemento aberto con múltiples criterios de data 26 de xaneiro de 2010.

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

9(463).- DEVOLUCIÓN DE AVAL CONSTITUÍDO POR CONSTRUCCIONES HERMANOS ALONSO PEREZ S.L. POR OBRAS NA RÚA SANJURJO BADÍA 246-250. EXPTE. 71232/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 5.04.10, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 13 de xullo de 2005 por CONSTRUCCIONES HERMANOS ALONSO PEREZ, S.L. con NIF B-36624658, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa SANJURJO BADIA, 246 A 250 por non producirse danos.

10(464).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE MARZO DE 2010. EXPTE. 1036/334.

Mediante providencia de data 12.04.10, en cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para 2005, a concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de contratos menores tramitados polo Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de marzo de 2010 e que son os seguintes:

Expediente	1012/334. Equipamento necesario para levar a cabo as actividades
Decreto concelleira	data 1 de marzo de 2010
Informe Intervención	RC 12787
Adxudicatario	Silsande, S.L.
Importe	4.164,40 euros

Expediente	1013/334. Unidades didácticas de infantil e primaria da actividade "Unha lección de cine"
Decreto concelleira	data 1 de marzo de 2010
Informe Intervención	RC 12786
Adxudicatario	weSpeak, S.L.
Importe	2.789,80 euros

Expediente	1021/334. Adquisición de libros polo Día das Letras Galegas
Decreto concelleira	data 22 de marzo de 2010
Informe Intervención	RC 15288
Adxudicatario	Editorial Luis Vives-Tambre Edicións
Importe	2.693,60 euros

Expediente	1023/334. Adquisición do libro-CD "Cores do Atlántico"
Decreto concelleira	data 24 de marzo de 2010
Informe Intervención	RC 16965
Adxudicatario	PAI Edicións, S.L.
Importe	4.875,00 euros

Expediente	1024/334. weSpeak, S.L.
Decreto concelleira	data 31 de marzo de 2010
Informe Intervención	RC 16966
Adxudicatario	weSpeak, S.L.
Importe	3.143,60 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

11(465).- PROPOSTA PARA DAR DE BAIXA COMO DESPEZAMENTO A MÁQUINA MUNICIPAL MATRÍCULA PO-24545-VE. EXPTE. 7408/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 13.04.10, conformado pola concelleira delegada de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Dar de baixa como despezamento no patrimonio municipal o seguinte vehículo, dado que a súa antigüidade e uso dificultan mantela nun estado suficiente dende o punto de vista técnico e incluso da seguridade:

Número	Matrícula	Tipo	Antigüidade
182	PO-24545-VE	Motoniveladora	1984

12(466).- SOLICITUDE DA SOCIEDADE ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A. DE DEVOLUCIÓN DE AVAL POLA INSTALACIÓN DE BUZÓNS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 18403/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 17.03.10, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1. *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
2. *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*
3. *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
4. *RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
5. *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- O Director da zona 1ª (Galicia) da Sociedade Estatal Correos y Telégrafos SA, mediante escrito con entrada no rexistro xeral do concello de data 24/11/2009, solicita a devolución de aval núm.2007/012.831 de 28 de marzo de 2007 da Caja de Ahorros y Monte de Piedad de Madrid, por un importe de 16.000 euros, para responder dos posibles danos que poideran ocasionarse na instalación ou eliminación de buzons na via pública municipal.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno local en sesión de 17 de novembro do 2008 desestimou unha solicitude anterior de devolución formulada por Correos e Telégrafos S.A. o non considerala procedente dacordo coas condicións xurídicas qe rexiron a autorización administrativa do 26 de marzo do 2006.

TERCEIRO.- O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, en sentenza do 1 de setembro do 2009 ditada no RCA 438/2008 formulado pola interesada, contra a desestimación acordada, re-

solve estimar o recurso contencioso administrativo presentado declarando a exención da demandante no abono da tasa pola utilización privativa do dominio público, así como a improcedencia na existencia de fianza e o seu mantemento, debendose proceder a liberación do aval e devolución.

Sentencia firme da que quedou enterada a Xunta de Goberno Local na sesión do 25 de setembro do 2009.

CUARTO.- A teor do exposto, en cumprimento e execución de dita sentenza, procede a devolución do aval depositado pola Sociedade Estatal Correos y Telégrafos SA en data 15/05/2007 (nº operación 200700029159) por importe de 16.000 € para responder de posibles danos pola instalación e eliminación de buzons de correos na vía pública.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Devolver a Sociedade Estatal Correos y Telégrafos SA a fianza constituída mediante aval ó 15/05/2007 por importe de 16.000 euros (nº operación 200700029159), en relación a autorización administrativa outorgada pola Xunta de Goberno Local do 26 de marzo do 2006 (exp.17376.240).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(467).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE DILIXENCIAS INFORMATIVAS DE CARÁCTER DISCIPLINARIO CONTRA FUNCIONARIO DE CARREIRA DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 34247/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do superintendente xefe da Policía Local, do 18.03.10, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Incoar, en execución da Sentenza 277/09 do Xulgado do Contencioso administrativo Nº. 1 dos de Vigo, dilixencias informativas de carácter disciplinario contra o funcionario de carreira con posto de traballo de Policía Local e carné profesional Nº. 100.

2º.- Nomear instructor das mesmas ao funcionario de carreira con posto de traballo de Asesor xurídico da Policía Local, D. Antonio Vivero Mijares, e Secretario ao funcionario de carreira con posto de traballo de Inspector Principal, D. Francisco Martínez Muñoz.

14(468).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CESE DE COMISIÓN DE SERVIZOS DE Dª MARTA MOLÍNS OTERO. EXPTE. 19806/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 13.04.10, que di o seguinte:

Por escrito presentado no Rexistro Xeral do concello con data de hoxe (doc. núm. 100048229), D^a Marta Molíns Otero con DNI núm. 01.499.690-K, e núm. de persoal 81098, técnica de administración xeral e funcionaria da Xunta de Galicia, adscrita en Comisión de Servizos ao posto de traballo neste concello de Xefe/a do Servizo de Sanidade e Consumo, partida funcional 444.0 da vixente Relación de Postos de Traballo, na oficina municipal de Información ao Consumidor (OMIC) código 302; presenta a súa renuncia á Comisión de Servizos, motivada na súa vontade de reingresar á Administración Autonómica á que pertence, por ter sido proposta para a provisión dun posto no Servizo Provincial da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Polo que, no uso das competencias que me confire o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007, sobre delegación de competencias nos concelleiros de Área,

R E S O L V O:

Primeiro.- Acceder á solicitude de data 13 de abril de 2010, aceptando expresamente a renuncia presentada por D^a Marta Molíns Otero, con DNI núm. 01.499.690-K, e núm. de persoal 81098, á Comisión de Servizos que viña disfrutando neste concello do posto de xefe/a do servizo de Sanidade e Consumo, con efectos económicos e administrativos do día de hoxe.

Segundo.- Dar conta da presente Resolución á interesada, concelleira-delegada do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, á Función Pública da Xunta de Galicia por se-la súa administración de orixe, Intervención Xeral, Organización e Planificación, así como á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

15(469).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE D. CARLOS ROMÁN CASAS, PERÍODO 24 DE NOVEMBRO A 31 DE DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 19728/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 11.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 2.03.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

- Outorgar ao funcionario D Juan Carlos Roman Casas, con numero de persoal 8349 e posto de Inspector Administrativo de Tributos pola realizacion das funcions encomendadas correspondentes ao posto de Inspector Adxunto de Tributos do Servizo de Inspeccion de Tributos polo periodo comprendido entre o 23 de novembro ao 31 de decembro de 2009, a cantidade de 801,80 €.
- Aprobar e comprometer o pago da catidade de 801,80€ en concepto de produtividade a favor do funcionario D Juan Carlos Roman Casas, con numero de persoal 8349 e posto de Inspector Administrativo de Tributos con cargo a la partida 12101500000.

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

16(470).- PRODUCTIVIDADE DE D. MIGUEL MIRANDA PAN, PERÍODO 1 DE XUÑO DE 2009 A 27 DE FEBREIRO DE 2010. EXPTE. 19727/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.04.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 2.03.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer e aboar ao funcionario D Miguel Miranda Pan, con nº de persoal 6899, a cantidade de 580.00€, en concepto de produtividade correspondentes ao periodo comprendido entre o 1 de xuño ao 31 de decembro de 2009 e o 1 de xaneiro ao 27 de febreiro de 2010, data da súa xubilación, segundo Resolución de Alcaldía de data 2 de novembro de 2005 e Acordo plenario de data 23 de decembro de 2005, con cargo a partida 121.0.1500000, polo desempeño das funcións de Presidente do Tribunal Economico administrativo.

17(471).- CONTRATACIÓN TEMPORAL PARA CUBRIR PERÍODO VACACIONAL 2010 DE CATRO FUNCIONARIOS ADSCRITOS A UNIDADE ASISTENCIA DE DROGODEPENDENCIAS-CEDRO. EXPTE. 19790/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 9.04.10, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 7.04.10, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas dun/ha médico/a, dun/ha diplomado/a en enfermería e dun/ha auxiliar de laboratorio, para cubrir os periodos vacacionais dos titulares dos referidos postos de traballo, dentro dun máximo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e, en consecuencia autoriza-lo gasto por importe de 11.059,25€ con cargo a partida orzamentaria 121.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte as referidas contratacións.

Segundo.- Ordenar a urxente publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de maior difusión da localidade, da oferta pública dun/ha médico/a, dun/ha diplomado/a en enfermería e dun/ha auxiliar de laboratorio, establecéndose os seguintes REQUISITOS:

Posto de Traballo: Médico/a

Titulación esixida: Licenciado/a en medicina.
Duración do contrato: 29 días (19/07/2010 ó 30/07/2010, e do 17/08/2010 ó 01/09/2010).
Valorarase ó curriculum e a experiencia con drogodependentes.

Posto de Traballo: Enfermeiro/a

Titulación esixida: Diplomado/a en enfermería
Duración do contrato: 36 días (16/07/2010 ó 20/08/2010).
Valorarase ó curriculum, ó dispoñer da especialidade en saúde mental e, a experiencia con drogodependentes.

Posto de Traballo: Auxiliar de Enfermería ou Clínica, de unidades especiais e de Saúde Mental.

Titulación: Os/as interesados/as deberán estar en posesión das titulacións dos ciclos formativos de grao medio de técnicos en coidados auxiliares de enfermería, téndose en conta o disposto sobre equivalencias e vixencias das titulacións contempladas na Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.
Duración do contrato: 61 días (15/07/2010 ó 13/08/2010, 02/08/2010 ó 20/08/2010, e 29/11/2010 ó 10/12/2010).
Valorarase experiencia con drogodependentes, en unidades especiais e de saúde mental.

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de urxencia e axilidade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal (www.vigo.org.)

O prazo de presentación de instancias de participación será de 5 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local, a data, lugar e hora da realización da entrevista e/ou exercicios que se acorden, e a lista de admitidos e excluídos xunto coas causas motivadoras da exclusión, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán acreditar xuntamente coa súa instancia de participación, que virá acompañada do correspondente curriculum-vitae e dunha vida laboral actualizada onde se acredite a experiencia profesional con drogodependentes.

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas; no suposto de que os/as aspirantes sexan persoas con discapacidade física ou psíquica, deberase acreditar tanto o grao de discapacidade (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da mesma co posto de traballo ofertado, mediante certificacións expedidas polo Administración Pública competente, nos termos do contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Asimesmo, non poderá atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Estar en posesión da titulación que se fixe no apartado terceiro das presentes bases ou estar en condicións de obtela, na data que remate o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) e d), a través de declaración xurada ao efecto, sen prexuízo de superalo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica.

Os/as aspirantes con discapacidade deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Ad-

ministración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

Terceiro.- Ordenar a constitución dunha comisión de valoración para que se proceda á selección e proposta de contratación de dun/ha candidato/a para o posto de médico/a, dun/ha candidato/a para o posto de diplomado/a en enfermería e dun/ha candidato/a para o posto de auxiliar de laboratorio, co obxecto de formalizar a contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas como médico/a, diplomado/a en enfermería e auxiliar de laboratorio, respectivamente.

O órgano de selección terá carácter colexiado e estará composto por cinco membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto, e estará composta polo Xefe da Área de Benestar Social que actuará como Presidente-, o Director de CEDRO, dous funcionarios do Concello de Vigo ou dos seus Organismo Autónomos, propostos polo Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, que deberán comparecer a título individual e, un/ha técnico/a de administración xeral que actuará como secretario/a.

Simultaneamente cos titulares designaranse aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

O Secretario/a, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999,

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de RR.HH. deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio a Comisión de Valoración e baixo as instrucións directas da mesma.

Os membros do órgano de selección, que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación da Comisión de Valoración, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

A referida Comisión de Valoración, unha vez realizada a entrevista ós /as aspirantes admitidos e tra-lo examen do curriculum, proporá un candidato/a para cada un dos postos ofertados, co obxecto de formaliza-la súa contratación, podendo esixirse a realización dunha proba oral ou escrita de carácter práctico, sobre o contido das tarefas propias do posto de traballo.

A Comisión proporá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados/as por orde de puntuación.

Cuarto.- Que finalizado o proceso de selección, pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos contratos laborais temporais por acumulación de tarefas ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, dós/dás candidatos/as propostos pola citada Comisión, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos ós que substitúen, Cód. 41-Director de CEDRO, Cód. 85-Técnico Medio en Enfermería e, cód. 141-Auxiliar de Laboratorio, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009.

Quinto.- Será de aplicación ó disposto no Real Decreto-Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, modificadorio do artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores/as, no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006).

Sexto.- A xornada laboral dos/das traballadores/as contratados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, no que a xornada será de 07,45 a 14,00 horas.

En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Sétimo.- Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008), normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.

Oitavo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

18(472).- BASES E ORZAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA O ANO 2010. EXPTE. 19775/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 9.04.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 26.03.10, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-la distribución do Fondo Social para o ano 2010, polo importe establecido nos orzamentos municipais para o dito ano; 140.000 € para axudas socio-sanitarias; 100.506 € para axudas por estudos e 60.000 € para axudas extraordinarias, destinadas a afrontar sucesos graves ou extraordinarios debidamente xustificados.

2º.- De conformidade co previsto no art. 5 do Regulamento do Fondo Social, a comisión xestora deberá elaborar unha memoria anual sobre a execución do programa do ano pasado, que remitirá ó Presidente da Corporación e deberá darlle a debida publicidade entre o persoal.

1.- Axudas socio-sanitarias: 140.000 €

Destinadas a cubrir gastos de próteses, gafas, e todo tipo de necesidades médicas (excepto medicamentos) que non cubre a Seguridade Social, do traballador/a, parella e fillos/as que non teñan ingresos (ata 25 anos).

Documentación:

- Impreso de solicitude do Fondo Social.
- Fotocopia compulsada da factura ou orixinais, (non se aceptan recibos), que abranguen dende o 1 de xuño do 2009 ata o 31 de maio de 2010.
- Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares ou libro de familia (só para menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co solicitante, documento que acredite a axuda económica.
- Parellas de feito, documentación acreditativa.

Prazo presentación solicitudes: Ata o 31 de maio 2010

2.- Axudas estudos: 100.506 €

Destinadas a cubrir los gastos de guarderías e estudos oficiais, tanto dos fillos/as solteiros/as como do propio traballador/a.

Documentación:

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Matrícula do centro (a partir 15 anos cumpridos).*
- *Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares ou libro de familia (só para menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co solicitante, documento que acredite a axuda económica.*
- *Matrícula gardería.*

3.- *Prazo presentación solicitudes: Ata o 15 de xaneiro de 2011.*
Axudas extraordinarias: 60.000 €

Destinadas a afrontar sucesos graves e extraordinarios – debidamente xustificadas.

Prazo presentación solicitudes: Durante todo o ano.

CONDICIÓN XERAIS:

Destinatarios: Empregados/as que figuren no cadro de persoal do Concello de Vigo.

Solicitudes: Recóllense e entréganse, xunto coa documentación, nos locais do Comité (5º andar).

- *As facturas das gafas deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura se concederá unha axuda máxima de 100 €) e achegarase tamén valoración do optometrista.*
- *As facturas do dentista deberán ser detalladas.*
- *A Comisión, unha vez contabilizadas e valoradas o número de solicitudes presentadas, determinará a contía a outorgar, segundo as retribucións totais do traballador/a no ano anterior.*
- *A/o solicitante autoriza á Comisión para comprobar as retribucións percibidas do concello.*
- *A Comisión poderá solicitar documentación complementaria cando o estime necesario.*
- *Unha vez exposto o listado de axudas concedidas, hai un prazo de 30 días para reclamacións.*
- *Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a, por estar cuberta pola Mutua.*
- *Quedan excluídos os tratamentos médicos que non esten recoñecidos, nin recetados pola Seguridade Social ou Sergas.*

FINAL: Todo traballador/a que falsifique ou modifique a documentación orixinal non recibirá novas axudas do Fondo e polo período que estableza a Comisión.

19(473).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AOS OFICIAIS CONDUTORES ADSCRITOS AO SERVIZO DO GABINETE DA ALCALDÍA. EXPTE. 19593/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 9.04.10, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 5.01.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aboar aos Policias Locais adscritos ao Gabinete da Alcaldía como oficiais conductores D. Basilio Costas Fernández, nº persoal 10257, e D. Cesareo Rocha Paramés, nº de persoal 12256, polo importe de 1.869,84€, para cada un deles, diferencia retributiva existente entre o soldo do Subgrupos C2 e C1 de titulación, producida durante o ano 2009.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

20(474).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DE D. RAFAEL OJEA PÉREZ PERÍODO 1 DE OUTUBRO DE 2008 A 1 DE OUTUBRO DE 2009. EXPTE. 19428/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.04.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.11.03, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar un complemento de produtividade por importe total de 9735.85€ ao funcionario D Rafael Ojea Perez, en aplicación do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro de 2007, na que se acordou encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de xefe do servizo de Educación e supervisión do Organismo Autónomo Municipal “Escola de Artes e Oficios” ao funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez, deixando sen efecto a encomenda de funcións de dirección do dito organismo efectuada ao funcionario D. Jacinto Martín Barreras por Decreto da Alcaldía de data 16/06/2006, así como aquelas outras que puidesen ter sido autorizadas na Área de Educación e recoñecer un complemento de produtividade ao funcionario pola encomenda de funcións acordada, previa acreditación da realización efectiva das funcións encomendadas, sen prexuízo das previsións dos Orzamentos municipais para o ano 2008..

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

21(475).- RECTIFICACIÓN DE ERRO DO ACORDO XUNTA GOBERNO LOCAL DE 26.03.2010 SOBRE CONCESIÓN AXUDAS CON CARGO AO FONDO SOCIAL CORRESPONDENTE AO CURSO 2009-2010. EXPTE. 19807/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 13.04.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Único.- En sesión de data 26 de marzo de 2010 (expediente administrativo nº 19729/220) a Xunta de Goberno Local acordou autorizar o abono das acudas de estudos correspondentes ao curso 2009-2010, por importe de 100.915 € (cen mil novecentos quince euros) a relación de traballadores que se achegaba en dito expediente.

Con data 13 de abril de 2010 a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social comunica a este Servizo de Recursos Humanos que na relación de traballadores aos que se lle concede esta axuda figura no correspondente ao subgrupo C2 Rodríguez Caramés, José Manuel cando debería figurar Rodríguez Lago, Carlos, con nº de persoal 20669 e DNI 36045814-F.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro material detectado no acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data data 26 de marzo de 2010 (expediente administrativo nº 19729/220) sobre concesión de axudas por estudos con cargo ao fondo social correspondentes ao curso 2009-2010, no listado de traballadores correspondente ao subgrupo C2, debe figurar “Rodríguez Lago, Carlos” con nº de persoal 20669 e DNI 36045814-F no lugar de Rodríguez Caramés, José Manuel.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, á Intervención Xeral, Tesourería Municipal (negociado de Nóminas) e Servizo de Recursos Humanos (Organización e métodos) aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(476).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE DECORACIONES INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES MADRID S.L. POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA EN ALFONSO XII, 31. EXPTE. 61267/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 9.04.10, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizo Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 11.000,00 € (once mil euros), a favor de Decoraciones Instalaciones y Construcciones Madrid, S.L., constituída co número de operación 2009000066343 de data 12/11/209, pola ocupación da vía pública cun valo de obra co número de expediente 60123/250, cunha ocupación de 25 m2 na rúa Alfonso XII, nº 31 para obras de demolición dun edificio sito na mentada rúa con licenza 69452/421.

23(477).- CAMBIO NOMEAMENTO COMO DIRECTOR FACULTATIVO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 753/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 13.04.10, conformado pola concelleira delegada de dita Área, que di o seguinte:

Con motivo da contratación das obras de acondicionamento, mantemento e reparación das infraestructuras viarias do Concello de Vigo (Expedientes 54.351/250 e 753/443), a Xunta de Goberno Local, en sesión de 18 de xullo de 2008 acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das referidas obras.

En dito Plan figura como Director Facultativo o Enxeñeiro Técnico da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, D. Jorge Muñóz Rama. Sen embargo, a necesidade de que o referido técnico se adique a tempo completo ás tarefas propias de dita Oficina, fai necesario que a dirección de obras pase a ser desempeñada por outro técnico. Por parte da Concelleira Delegada da Área de Servizos Xerais considérase conveniente que esta dirección facultativa recaia no Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras, D. Agustín Rodríguez Carballo.

Por isto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Nomear Director Facultativo das obras de Acondicionamento, Mantemento e Reparación das Infraestructuras Viarias do Concello de Vigo ao Enxeñeiro Xefe de Vías de Obras, D. Agustín Rodríguez Carballo, con efectos da data de adopción do acordo, cesando na mesma data en ditas funcións, o Enxeñeiro Técnico da Oficina de Supervisión de Proxectos, D. Jorge Muñóz Rama.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(478).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MESTURAS BITUMINOSAS PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 54057/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 26.03.10, conformado polo asesor xurídico e a concelleira da Área de Servizos Xerais, a xefa de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prorrogar o contrato de subministro de materiais bituminosos para o servizo de Vías e Obras asinado coa empresa SERCOYSA, Proyectos y Obras S.A., CIF A-36319622, por un prazo igual ao do contrato según o estipulado na cláusula 7.3. das FEC, é dicir DOUS ANOS, existindo para elo a conformidade da citada empresa según escrito presentado no Rexistro Xeral con data 25 de marzo.

2º.- Autorizar un gasto en concepto da citada prórroga, con cargo á partida 5110.210.00.00, “Conservación de vias e espazos públicos”, por un importe total de 1.000.000 € (UN MILLÓN DE EUROS), según o seguinte desglose:

- Primeiro ano de prórroga (1 xuño 2010 – 31 maio 2011):
 - Ano 2010: 250.000.-€
 - Ano 2011: 250.000.-€

- Segundo ano de prórroga (1 xuño 2011 – 31 maio de 2012):
 - Ano 2011: 250.000.-€
 - Ano 2012: 250.000.-€

25(479).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI II-09 “A BOUZA SUR” (API-61 PXOM) – PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS (PEID). APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 11925/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dá-se conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 16.03.10, conformado polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento-Xestión e a xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. O vixente PXOM de Vigo foi definitivamente aprobado en virtude da Orde da Conselleira da CPTOPT do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008) e da Orde do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 (DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

I.2. O PERI II-08 «A BOUZA SUR» é un planeamento especial de reforma interior incorporado ó PXOU de 1993 que foi aprobado definitivamente o 29.04.1993 de forma simultánea co PXOU-93. No actual PXOM, o seu ámbito inclúese na clase de solo urbano consolidado como «Área de Planeamento Incorporado – API-61».

I.3. Neste PERI II-08, o soar destinado á reconstrucción do antigo edificio do “Colexio Alemán” queda definido en planos e configura, no proxecto de compensación, a parcela nº 14, cunha superficie de 1.000 m² e unha edificabilidade de 858 m²c para uso de zonas culturais e sociais, coa finalidade de posibilitar, precisamente, aquela reconstrucción.

I.4. O resto das parcelas dotacionais do PERI, cunha ordenación detallada que prevé a construción sobre elas de tres edificios de 16 andares e dous de 7 andares, teñen o uso de equipamento, pero coa finalidade de servir de bolsa receptora de edificabilidade residencial, en rexime de protección oficial, para a poboación afectada pola apertura de sistemas xerais. No proxecto de compensación aprobado tales parcelas identifícanse cos núms. 9, 10, 11, 12 e 13 e teñen unha edificabilidade total posible de 31.786 m²c, procedente, como dixemos, doutros ámbitos e para o uso antes citado.

I.5. Os diferentes proxectos redactados ata este momento para a reconstrucción e reubicación do antigo “Colexio Alemán” da rúa Torrecedeira non tiñan cabida na ordenación urbanística establecida no PERI II 08 (actual API- 61 PXOM), o que imposibilitou a execución das propostas presentadas.

I.6. Con todo, dadas as necesidades constatadas e reflectidas en diferentes escritos presentados por colectivos cidadáns do barrio de Coia (Exp. nº 11404/411) e, baixo un evidente interese público da proposta, estímouse necesaria a incoación dun procedemento para modificar o PERI II-08 «A BOUZA SUR», no que se prevese como espazo libre de uso público/zona verde as parcelas núms. 9 a 13 e se abordase a posibilidade de alterar os parámetros de edificabilidade que permitan acoller o equipamento que máis conveña segundo o programa de necesidades.

I.7. Así se dispuxo na Resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do 15.05.2009, na que tamén se encomendou á Oficina de Planeamento – Xestión da XMU a realización das actuacións procedentes para a tramitación e aprobación dese procedemento. Tales actuacións refíctense no documento de “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI II-08 «A BOUZA SUR» (API-61 PXOM) - PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS (PEID)”, elaborado polos técnicos desta Oficina en data marzo de 2010.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).

- *PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).*

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Planeamento en vigor:

Na subsección 2ª do Capítulo Preliminar do Título IX das Normas urbanísticas do PXOM («SUC en Áreas de Planeamento Incorporado (API)»), Arts. 9.0.6 e 9.07, establécese o ámbito, características e réxime urbanístico aplicable ás Áreas con planeamento incorporado.

Neste tipo de Áreas, o PXOM asume xenericamente as determinacións e xestión de planeamentos redactados en desenvolvemento do PXOU-93 ou de plans anteriores nos que –ademáis da aprobación definitiva do respectivo plan- cumpríronse tamén os deberes legais básicos de cesión, equidistribución e urbanización.

O vixente PXOM recolle, no Documento de Xestión e Execución (complementario das súas Normas urbanísticas), unha ficha para cada unha das API, coa súa numeración correlativa. En concreto, na ficha da «API – 61 A BOUZA SUR» contense a referencia ó PERI aprobado e ós proxectos de compensación dos polígonos núms. 1 e 2, que acadaron tamén a aprobación definitiva.

III.2. Modificación do planeamento incorporado:

En síntese, a modificación que se pretende tramitar afecta unicamente ás parcelas dotacionais, cos obxectivos de posibilitar a creación dun equipamento sociocultural ó servizo do barrio de Coia que integre a reconstrución do “Colexio Alemán”, xa prevista no PERI, e a ampliación da zona verde do Parque da Bouza Sur, suprimindo as parcelas de equipamento que figuraban no PERI cunha ordenación en altura que permitía a recepción de edificabilidades residenciais externas.

Esta modificación incide tanto na pormenorización dos usos dotacionais previstos como na propia ordenación detallada do PERI aprobado.

Segundo o Art. 47.4 da LOUGA o Pleno do Concello, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do Plan podería acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outros usos dotacionais distintos, sempre que se mantivese a titularidade pública ou se destinase a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos, como acontece neste caso.

Non en tanto, a modificación que se pretende alteraríase igualmente a ordenación detallada do PERI, o que precisaría da tramitación dunha modificación puntual deste, que se pode instrumentar mediante un Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións (PEID) dos previstos no Art. 71 da LOUGA.

Os PEID teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestructuras básicas relativas ó sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, e das instalacións destinadas ós servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas. Conterán as seguintes determinacións:

- a) A delimitación dos espazos reservados para infraestructuras e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto.*

- b) *As medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para resolver os problemas que poida xerar no viario e nas demais dotacións urbanísticas.*
- c) *As medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade das infraestruturas e dotacións urbanísticas*

A posibilidade de que tanto os plans parciais como os plans especiais, entre os que se inclúen os PEID, poidan modificar a ordenación detallada establecida polo Plan Xeral por razóns de interese público, respectando as súas determinacións xerais (Arts. 53, 55.2 e 57) e observando as limitacións previstas na norma (non incremento da edificabilidade nin dos usos globais, non prexuízo para as dotacións locais: Art. 62 LOUGA e 4.1.7.2 NNUU PXOM), como aquí sucede, está expresamente amparada polo Art. 62.1 da LOUGA.

III.3. Documento de «MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI II-08 «A BOUZA SUR» (API – 61 PXOM) - PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS (PEID)»:

O documento elaborado polos servizos técnicos da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU está integrado por:

- *Documento 1: Memoria Informativa e Xustificativa: Antecedentes. Obxecto da modificación. Memoria xustificativa. Xustificación e descrición da proposta. O “Colexio Alemán” no PERI da Bouza Sur. Xustificación do cumprimento da L.8/1997. Elementos protexidos. Normativa sectorial. Marco normativo.*
- *Documento 2: Documentación gráfica: planos de información e de proposta.*
- *Documento 3: Anexos:*
 - *Anexo 1. Planos 12-I e 13-I da serie 2 e ficha do API-61 no PXOM vixente.*
 - *Anexo 2. Modificación das ordenanzas do PERI II-08 A BOUZA SUR (API-61 PXOM).*
 - *Anexo 3. Documento de inicio de Avaliación Ambiental Estratéxica.*
 - *Anexo 4. Decisión do 22.09.2009 da Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental da CMATI da Xunta de Galicia.*

A modificación puntual que aquí se plantexa pode considerarse como unha modificación instrumental de índole menor que pretende acomodar o PERI xa aprobado e incorporado ó Plan Xeral ás determinacións e á ficha do novo PXOM e á normativa urbanística posterior á súa aprobación. Tamén replantexa a delimitación e a ordenación detallada do PERI aprobado sobre a última cartografía oficial dispoñible do Concello de Vigo.

O primeiro obxectivo que se procura con esta modificación é o de incrementar a superficie das zonas verdes do Parque da Bouza Sur (espazo natural catalogado no PXOM), reducindo ó mínimo necesario as posibilidades edificatorias das parcelas dotacionais. Este obxectivo acadarase cunha nova ordenación destas parcelas na que se suprima o carácter de “bolsa receptora de edificabilidades doutros ámbitos”, imposibilitando a construción de edificios de vivendas de protección nas identificadas cos núms. 9 a 13.

Así pois, a zona de equipamentos do PERI destinarase unicamente a dotación sociocultural e zonas verdes, eliminando a posibilidade de construír edificios en altura, aínda que fose para acoller o uso de vivenda de protección con edificabilidades traídas doutros ámbitos. Neste punto, débese matizar que dita supresión de edificabilidade residencial non suporía diminución patrimonial para o Concello de Vigo, xa que ditas parcelas dotacio-

nais, adxudicadas no proxecto de compensación, carecían de edificabilidade lucrativa residencial e unicamente podían ser edificadas en tal uso de se trasladar edificabilidade residencial doutros ámbitos.

Finalmente, a modificación daría tamén resposta ás reivindicacións cidadáns de determinados colectivos do barrio de Coia en defensa do Parque da Bouza Sur, pola reconstrucción do “Colexio Alemán” na zona e polas dotacións socioculturais do barrio.

Entenden os técnicos municipais que a edificabilidade que figuraba no PERI de 1993 era insuficiente para desenvolver un axeitado programa de dotación sociocultural; razón pola que se propón nesta modificación a utilización dos criterios de edificabilidade da Ordenanza nº 13, de dotacións socioculturais do vixente PXOM, para o que, con independencia da reconstrucción do “Colexio Alemán”, se poida dar unha certa marxe de crecemento e de folgura, con criterios non necesariamente miméticos.

Igualmente, para mellorar a versatilidade do proxecto, modifícase a forma e dimensións da parcela, pasando a concretarse nunha parcela rectangular de 50 m x 30 m; superficie de 1500 m² que permitirá, segundo a Ordenanza de aplicación, situar un sólido capaz de altura máxima de 5 plantas, ocupación sobre rasante de 1.200 m² e baixo rasante de 1.350 m², cunha edificabilidade máxima de 2.250 m²c.

III.4. Tramitación da modificación do PERI II-08 «A BOUZA SUR» (API – 61 PXOM) - Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións (PEID):

O Art. 94 da LOUGA dispón que calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas encamiñadas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente, ó desconxestionamento urbano, á mellora da articulación de espazos libres públicos e dos volumes construídos, á eliminación de usos non desexables ou á incorporación doutros necesarios, á creación de novas dotacións urbanísticas públicas, á resolución de problemas de circulación e a outros fins públicos.

Tanto a modificación do Plan especial como o propio PEID seguirán o procedemento previsto no Art. 86.1 da LOUGA para a súa tramitación e aprobación. Con todo, por tratarse dun Plan especial non previsto no PXOM (Art. 4.1.6.2. NNUU) requirirá, en todo caso (Art. 86.1.d] LOUGA), a previa emisión do informe preceptivo e vinculante da Admón. autonómica no tocante ó control da legalidade, a tutela dos intereses supramunicipais e ó cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais.

Para estes efectos, cumpridos os trámites sinalados no precitado Art. 86.1 da LOUGA, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do Plan coas modificacións que fosen pertinentes e o someterá, co expediente completo debidamente dilixenciado, ó conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de tres meses, contado desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería.

III.5. Avaliación ambiental estratéxica dos instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico:

Consonte co previsto no capítulo II da L.6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral, polo que se integra o procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico coa Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) nun só procedemento, o promotor debe presentar un «Documento de inicio» que incluíra os aspectos recollidos no Art. 18 da L.9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

No caso presente, redactado pola Oficina de Planeamento – Xestión da XMU e presentado perante a CMATI o «Documento de Inicio» da modificación puntual do PERI II-08 «A BOUZA SUR» (API – 61 PXOM), foi expresamente declarada a non necesidade de sometela a AAE, segundo Decisión do 22.09.2009 da Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental da CMATI da Xunta de Galicia, recibida no Rexistro xeral da XMU o 13.10.2009 (Doc. nº 90145029) e publicada no DOG nº 212, do 29.10.2009.

III.6. Titularidade das parcelas dotacionais núms. 9, 10, 11, 12 e 13:

Como se puxo xa de manifesto na Resolución do Delegado do 15.05.2009, de incoación do procedemento de modificación puntual do PERI II-08, estas parcelas foron no seu día alleadas mediante permuta coa sociedade mercantil “Miraflores, S.A.” polos terreos necesarios para a apertura do nó da estación de autobuses; permuta posteriormente resolta (Pleno do 21.11.2003) e afectada pola Sentenza do TSXG do 17.07.2003 e, segundo se indicaba no informe do daquela Xefe de Recursos e Asesoramento, de data 05.12.2008, ditas parcelas “pertencen ou deben pasar a propiedade do Concello de Vigo a virtude da execución da sentenza do TSXG de 17 de xullo de 2003 e da resolución da permuta de referencia, sen prexuízo de que se deban realizar as actuacións pertinentes para entrar na posesión daquelas fincas aínda non entregadas ó Concello por Miraflores Vigo, S.A. e para que o Rexistro da Propiedade reflecta a situación dominical resultante da execución das devanditas sentenzas e resolución”; e isto sen prexuízo do deber do Concello de indemnizar á mercantil na contía que finalmente se determine como consecuencia da imposibilidade de cumprimento do convenio de asinado en 1992, recoñecendo na STSXG do 16.10.2008.

Por tanto, entendemos que, co asesoramento da Asesoría xurídica municipal, debería procederse de inmediato a realizar as actuacións necesarias para entrar na posesión daquelas parcelas e para que o Rexistro da Propiedade reflecta correctamente a súa situación dominical.

III.7. Competencia:

É competente para adoptar o acordo de aprobación inicial que a seguir se propón a Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.d] LRBRL).

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, o Art. 86 da LOUGA, propónse a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI II-08 «A BOUZA SUR» (API-61 PXOM) - PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS (PEID)”, a fin de posibilitar a creación dun equipamento sociocultural ó servizo do barrio de Coia que integre a reconstrución do edificio do antigo “Colexio Alemán” e a ampliación da zona verde do Parque da Bouza Sur, segundo a documentación elaborada pola Oficina de Planeamento - Xestión (Exp. nº 11925/411).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a publicación de anuncios no DOG e en dous xornais dos de maior circulación da provincia. Simultaneamente notificaráselles individualmente a todos os propietarios dos terreos afectados (titulares catastrais) e, de ser o caso, recabaranse das Administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten precisos.

TERCEIRO: Dar traslado deste acordo ó “Movemento Cidadán O Noso Barrio”, da Parroquia do Cristo da Victoria, para o seu coñecemento».

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

26(480).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIÓNS EN PAZ 2010”. EXPTE. 49733/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 31.03.10, o informe de fiscalización de data 14.04.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 27.01.10, conformado polo xefe de Área de Acción Social e a concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Benestar Social e a Asociación *Solidariedade Galega co Pobo Saharai*, CIF. : G15.924.558 para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz 2010”.

2º- Aprobar o gasto de 23.360.- euros con cargo á partida 3130.489.00.11 - convenio saharais -, que corresponde ao desprazamento destes nenos e nenas dende Tindouf a Vigo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAHUI PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIÓNS EN PAZ 2010”

Na Casa do Concello de Vigo, a de de dous mil dez

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. M^a Xosé Méndez Piñeiro, na súa calidade de concelleira – delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións, e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra, Dna. Maite Isla Avión, como presidenta da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, CIF.: G15.924.558 e enderezo social en Vigo, na rúa Gregorio Espino, 31 – entrechán, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm.49733/301.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui ten, entre os seus fins, promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o Pobo Galego e o Pobo Saharaui, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político entre o pobo saharauí e o galego e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharauí.

Esta entidade ven desenvolvendo dende hai tempo unha importante labor coa realización do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharauís dende os campamentos de refuxiados de Tindouf a nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto. Facilitarlles asistencia médica e alimentación, evitar a súa estancia nos campamentos durante estes meses de verán nos que se acadan temperaturas de máis de 50º no deserto, ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre, así como, sensibilizar sobre a situación do pobo saharauí son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

II.- Que o Concello de Vigo ante as razóns de tipo humanitario e solidario que entrana a actividade subvencionable, xustifica e considera conveniente a concesión desta subvención, cando ademais, os datos apuntan a un crecemento da demanda de familias acolledoras, quedando, incluso, familias sen esta posibilidade, polo que se entende que as Administracións Públicas deben apoiar as actitudes solidarias destes cidadáns, na medida das súas posibilidades, apoio que se traduce en subvencionar o desprazamento destes nenos e nenas ata a nosa cidade. Por outra banda, a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui conta co recoñecemento do Goberno Saharaui para a realización deste proxecto, sendo a única asociación autorizada para levalo a cabo en Galicia, ademais de levar máis de once anos desenvolvendo no Concello de Vigo.

A Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan á satisfacción de necesidades

da comunidade vecinal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio nos de poboación superior a 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no art. 2 pto.3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na Lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

A subvención que se propón está prevista no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa, segundo o artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a máis abundamento, acredítanse razóns de interese público, humanitario e social para a súa concesión, neste caso, o obxecto da subvención vai destinada a financiar os gastos do desprazamento de menores refuxiados do Sáhara Occidental, nenos e nenas, nados no exilio, que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, nun entorno de guerra e que precisan da axuda externa para sobrevivir, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 38/2008.

A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica aos gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III.- Así, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida convenio saharauis 3130.489.00.11, prevé, nominativamente, a concesión dunha subvención por importe de 23.360,00.- €, a favor da asociación Solidariedade Galega co Pobo Sahararui.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da administración concedente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a colaboración coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “vacacións en paz”, que consis-

te no traslado a Vigo de 35 nenos e nenas saharauis, procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf, para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas.

V.- Que a entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 49733/301.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e humanitario que para a cidade de Vigo representa a actividade da entidade asociación Solidariedade Galega do Pobo Saharaui, o Concello de Vigo e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto ao traslado de menores saharauis dende Argelia ata Vigo para pasar o verán acollidos en familias da nosa cidade e, concretamente, a:

1º.- Búsqueda e selección das posibles familias acolledoras.

2º.- Asignación dos menores ás familias seleccionadas, así como solicitarlles a documentación esixida tanto pola Subdirección do Menor da Xunta de Galicia como pola Subdelegación do Goberno. A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui comprométese a facilitar ao Concello de Vigo, o nome, enderezo e teléfono de contacto das familias acolledoras.

3º.- Facer un exhaustivo seguimento do traslado dos menores dende Argelia á nosa cidade, conxuntamente coa Delegación Saharaui para Galicia.

4º.- Asegurarse de que as familias realizan as correspondentes revisións pediátricas aos menores por mor do convenio asinado coa Consellería de Sanidade e seguindo os criterios e parámetros marcados pola comisión médica da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui.

5º.- Dispor do necesario para subscribir as pólizas de seguros que garanten a cobertura de todos os aspectos da actividade.

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui queda obrigada a someterse ás actuacións de comprobación que quera efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades e servizos motivo do convenio.

2º.- Articular os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións a desenvolver.

3º.- Conceder directamente á entidade asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, unha subvención por importe de 23.360.- € co obxecto de coadxuvar á financiación para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz 2010”.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para o desenvolvemento do programa “vacacións en paz 2010” previsto no presente convenio, o Concello de Vigo aportará a cantidade de 23.360.-. euros.

Os pagamentos efectuaranse do seguinte xeito:

- O 50% do importe total á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación, que presenta necesidades financeiras que lle impiden realizar cos seus propios medios o proxecto subvencionado, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do 50% do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan enoxeradas da constitución de garantías.*
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados tal e como se indica no pacto oitavo.*

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas e interpretacións do convenio, crearase unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida pola Concelleira – Delegada da Área de Benestar Social.

Sétimo.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

Oitavo.- A beneficiaria, no prazo de dous meses a contar dende o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades e gastos realizados; os xustificantes de pago dos gastos realizados con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada, así como unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos realizados.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Asimesmo, presentarase unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, aos efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2010.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social. A técnica responsable do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2010.

27(481).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.